

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA:

Addenda para incluír os cambios da orde de 25 de xaneiro de 2022.

Esta addenda é válida para todos 1º, 2º da ESO na materia de educación financeira, 4º da ESO en Economía e Iniciativa emprendedora e en 1º de BAC en economía.

Avaliación ordinaria de xuño:

O alumnado con avaliacións pendentes ten a oportunidade de recuperar no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final da seguinte maneira:

- Instrumentos ou ferramentas de avaliación: faranse probas obxectivas como as que se fixeron durante o curso, divididas en partes, unha por cada avaliación non superada. O alumnado deberá facer a non superada.
- Criterios de cualificación das probas obxectivas: As probas substituirán as feitas durante o curso e cualificaranse da mesma forma.
- Integración da cualificación do período cos resultados de avaliación de todo o curso: As notas obtidas neste período substituirán as probas das avaliacións suspensas e farán media cos traballos entregados durante o curso na porcentaxe indicada na programación. A nota media do curso será a media da nota das avaliacións xa superadas e as avaliacións recuperadas coa nova nota.

Alumnado coas tres avaliacións superadas pero que queira subir nota, teñen a oportunidade de subir a nota media no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, da seguinte maneira:

- Instrumentos ou ferramentas de avaliación: faranse probas obxectivas como as que se fixeron durante o curso, divididas en partes, unha por cada avaliación. Poderán presentarse só a avaliación na que queiran subir nota.

- Criterios de cualificación das probas obxectivas: As probas substituirán as feitas durante o curso e cualificaranse da mesma forma.

- Integración da cualificación do período cos resultados de avaliación de todo o curso: As notas obtidas neste período substituirán as probas das avaliacións nas que se pretende acadar máis cualificación e farán media cos traballos entregados durante o curso na porcentaxe indicada na programación.

A nota media do curso será a media da nota das avaliacións xa superadas e as avaliacións recuperadas coa nova nota.

Alumnado con avaliacións na **estadía de longa duración** en Italia: Debido a que a situación sanitaria actual modificou as datas da estadía de longa duración no estranxeiro, é preciso modificar os criterios de avaliación destes alumnos, quedando da seguinte forma:

- A nota da segunda avaliación virá integramente das notas que traen da súa estadía no estranxeiro.
- Debido a que parte da segunda avaliación estiveron traballando e asistindo á clase con normalidade, ese traballo terase en conta na terceira avaliación, integrándose na nota da mesma, empregando os instrumentos e procedementos de avaliación recollidos nesta programación.